



INSPECCIÓN POSTMORTEM



Guía de orientacións AESAN -maio-2020

CASOS NOS QUE HAI QUE REALIZAR A INSPECCIÓN MEDIANTE INCISIÓNS E PALPACIÓNS ADICIONAIS

<p>Casos derivados das revisións e análise da información sobre a cadea alimentaria (ICA)</p>	<p>ICA: Información da Cadea Alimentaria</p> <ul style="list-style-type: none">◦ animais que foron tratados con medicamentos veterinarios;◦ animais que proceden de explotacións nas que nos últimos 12 meses se diagnosticaron enfermidades que poidan afectar á inocuidade da carne;◦ resultados positivos en mostras tomadas nos últimos 6 meses no marco de control de zoonoses;◦ algunha notificación desde un matadoiro de achados de relevancia sanitaria noutros animais da explotación.
<p>Casos derivados da documentación sanitaria que ampara o traslado dos animais ao matadoiro ou de outras bases de datos oficiais</p>	<p>Valoración de datos epidemiolóxicos adicionais ou outros datos da explotación de procedencia dispoñibles que indique:</p> <ul style="list-style-type: none">• animais en réxime extensivo en contacto directo con fauna salvaxe (información que debe proporcionar o operador do matadoiro);• animais procedentes de explotacións sometidas a determinadas medidas de restrición ou vixilancia por parte da Autoridade Competente, (risco de entrada de enfermidades doutras rexións, comunidades autónomas ou países, establecemento de límites de seguridade respecto a explotacións positivas ou sospeitosas a patoloxías de relevancia epidemiolóxica, etc.);• animais que proceden de explotacións nas que detectaron residuos ou contaminantes que superan os niveis establecidos en virtude da lexislación comunitaria nos controis oficiais rutineiros realizados nos últimos 6 meses.• animais positivos no marco do programa nacional de erradicación de tuberculose bovina.
<p>Casos derivados da inspección antemortem</p>	<ul style="list-style-type: none">• Partidas ou animais concretos sospeitosos de padecer enfermidades polos sinais ou síntomas que presentan (febre, hipotermia, etc.) ou con lesións (abscesos, feridas, procesos inflamatorios, artrites, etc.) que a criterio do SVO requiran dunha inspección postmortem pormenorizada para determinar o seu alcance de cara ao ditame de aptitude das súas carnes.• Animais:<ul style="list-style-type: none">◦ que non remataron a súa fase de cebo: animais con crecemento retrasado, etc.◦ que presenten trastorno do comportamento (deficiente reacción a estímulos externos, adopción de posturas ou movementos anómalos, aillamento en especies gregarias, etc.)◦ que presenten conformación sospeitosa considerando a idade, sexo e/ou raza, así como nos que se detecten incorreccións de concordancia documental con respecto á reseña dos animais presentados a sacrificio,◦ sospeitosos de padecer enfermidades animais para as que o Regulamento (UE) 2016/429 establece normas zoonosanitarias,◦ sacrificados de urxencia fora do matadoiro conforme aos requisitos establecidos no Regulamento (CE) Nº 853/2004.
<p>Resultado das verificacións do cumprimento das normas de benestar animal</p> <p>Cando os SVO sospeiten ou teñan evidencias de que as condicións de benestar animal se ven comprometidas (animais prostrados, con feridas, delgados, convalescentes, etc.) e consideren necesario utilizar procedementos adicionais na inspección postmortem, deberanse minimizar as incisións e palpacións para evitar unha posible contaminación por diseminación dos patóxenos.</p>	<ul style="list-style-type: none">• Animais que se consideran non aptos para o transporte segundo o Documento de aptitude dos animais para o transporte, como por exemplo:<ul style="list-style-type: none">◦ con prolapso de útero, rectal ou vaxinal.◦ incapaces de moverse por si sós sen dor ou de desprazarse sen axuda,◦ con feridas abertas graves),◦ con debilidade fisiolóxica◦ Con outros sinais ou síntomas (meteorismo, certos problemas cutáneos, vómitos, diarreas, dificultade respiratoria...)• Caquéticos.• con necroses no rabo.• con caracteres indicativos de sufrimento: apáticos, moi nerviosos, con medo, etc.• con deficiencias respecto ás condicións de benestar animal cando estas puideran afectar ao ditame de aptitude das súas carnes (estrés, amontoamento, feridas).

Casos derivados dos achados detectados durante a inspección postmortem

Ante a detección de lesións ou alteracións localizadas, poderán realizarse procedementos adicionais de palpación e incisión nas rexións afectadas.

- Animais que presenten abscesos, procesos purulentos, proliferativos, tumores e, en xeral, lesións que teñan que ser avaliadas para determinar a localización ou xeneralización do proceso como base do ditame de aptitude;
- Animais mal sangrados (pode enmascarar outros sinais de postmortem)
- Animais con lesións hemorráxicas na pel, mucosas ou vísceras (petequias, equimoses, púrpura)
- Animais cuxas carnes presenten durante o control de inspección postmortem anomalías organolépticas, fisiopatolóxicas ou de consistencia;
- Sospeita de carnes febrís, anémicas, ictéricas, septicémicas, piémicas e toxémicas;
- Animais con linfadenite;
- Casos de peritonite e/ou pleurite con adherencias viscerais;
- Animais con artrite e poliartrite
- Sospeita de residuos de medicamentos veterinarios, tratamentos ilegais
- Animais que presentan lesións compatibles con tuberculose.
- Detección de corpos estraños (agullas hipodérmicas, reticuloperitonite traumática en bovino, etc.).

Animais caquéticos ou con escasa conformación cárnica detectada nesta fase do control oficial

En animais reprodutores e de desvelle, deberase realizar unha inspección postmortem minuciosa que permitirá determinar se existen alteracións que fagan necesario levar a cabo procedementos adicionais na inspección postmortem de rutina.